

COMO E CANDO TEÑO QUE FACER A MATRÍCULA PROVISIONAL?

- Achegar a seguinte documentación:
 - Ficha para a baremación das circunstancias sociais e familiares das persoas solicitantes. Inclúe autorización expresa para que o Concello comprabe que os/as menores para os que solicita a preinscrición están empadroados en Fene como mínimo dende o 2 de maio de 2023.
 - Ficha de datos dos/as participantes
 - Ficha de datos médicos dos/as participantes
 - Fotografía tamaño carné co nome do/a neno/a no dorso
 - Copia da tarxeta sanitaria (no caso de mutualidades e outros seguros privados, fotocopia da tarxeta sanitaria e do cadro de médicos e de centros de referencia na zona).
 - Informe/xustificante médico asinado polo facultativo pertinente (só no suposto de que o/a neno precise un tratamento específico ou teña algunha doenza que haxa que ter en conta. De ser o caso, facer constar as alerxias alimentarias ou de calquera outro tipo).

Esta documentación ten que achegase do 5 ao 7 de xuño ambos inclusive do seguinte xeito:

- Preferentemente por medios telemáticos dende as 8:00 h do 5 de xuño até as 23:00 do 7 de xuño a través da sede electrónica municipal <https://sede.fene.gal/> ou do Rexistro Electrónico Común, <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>**
- Excepcionalmente, matriculación presencial.** Para acollerse a esta modalidade **hai que solicitar cita previa os días 31 de maio e 1 e 2 de xuño, en horario de 9:00 a 13:00 h, no teléfono 981.340.366.** Neste caso, a matrícula provisional realizarase no Departamento de Cultura (Avenida de Naturais, 44, entresollado) os días 5, 6 e 7 de xuño no día e hora (de mañá ou de tarde) que se lles asigne ao solicitar a cita previa.

CANDO E COMO SEI QUE TEÑO PRAZA EN VERÁN MÁIS ALÁ! (MATRÍCULA DEFINITIVA?)

Ás 14:00 h do día 9 de xuño, que se publica na web a relación coa MATRÍCULA DEFINITIVA en *Verán máis alá!*.

No caso que haxa máis MATRÍCULAS PROVISIONAIS que prazas ofertadas (120), as PRAZAS (MATRÍCULA DEFINITIVA) adxudícanse mediante baremo baseado nas circunstancias familiares e laborais das persoas solicitantes.

Persoal técnico do Departamento de Cultura procede á baremación das MATRÍCULAS PROVISIONAIS e aplicarlle os seguintes criterios sociais e familiares:

- Situación familiar:** Para a valoración da situación familiar dos/as solicitantes teranse en conta o número de fillos/as menores de 12 anos e, no seu caso, o de fillos/as con discapacidade:

SITUACIÓN FAMILIAR	PUNTOS POR CADA FILLO/A
Por cada fillo/a menor de 12 anos	2,00
Por cada fillo/a con discapacidade	4,00

- Situación laboral:** A estes efectos, enténdese por situación laboral a falta de dispoñibilidade dos proxenitores ou representantes legais dos menores para atender persoalmente aos seus/súas fillos/as nos seguintes supostos:

SITUACIÓN LABORAL	PUNTOS
Ambos proxenitores con emprego e horarios laborais que coinciden cos horarios de Verán máis alá!	10,00
Un/unha dos dous ten emprego e o/a outro/a dedícase exclusivamente ás responsabilidades familiares ou é pensionista	0,00
Un/ha dos dous ten emprego e o/a outro/a está desempleado/a participando en cursos de formación profesional regrada ou formación para o emprego durante os días que dura o Verán máis alá! e en horarios que coinciden coa actividade	10,00
Familia monoparental empregado/a ou realizando formación profesional regrada ou formación para o emprego durante os días que dura o Verán máis alá! e en horarios que coinciden cos das actividades	10,00

A valoración das circunstancias familiares e laborais efectuarase consonte aos datos facilitados en declaración responsable polos proxenitores/representantes legais dos menores, circunstancias que están referidas á data de presentación da declaración responsable.

O servizo municipal encargado da valoración non poderá presumir, en ningún caso nin a respecto de ningún solicitante, a concorrencia de circunstancias distintas ás alegadas na declaración responsable asinada polos proxenitores/representantes legais. A falla ou defecto na declaración das circunstancias obxecto de valoración, é de exclusiva responsabilidade do/a interesado/a.

En caso de producirse empates na valoración dos/as solicitantes das prazas unha vez aplicados os criterios anteriores, as prazas adxudícanse priorizando en primeiro lugar a quen teña irmáns/ás que solicitan *Verán máis alá!*. E, de persistir o empate, por orde alfabética do primeiro apelido do/a solicitante.

Aplicados estes criterios, adxudícanse as 120 prazas. As persoas que non obtiveran praza, quedarán en lista de agarda.

UNHA VEZ QUE TEÑA PRAZA, CANDO E COMO TEÑO QUE FACER O PAGAMENTO DA COTA DE INSCRICIÓN?

Prazo

Do 14 ao 20 de xuño é o prazo para aboar a cota facendo o pagamento nunha entidade bancaria do recibo de autoliquidación.

Como obteño o recibo de autoliquidación da cota?

Para obter o recibo de autoliquidación **hai que recollelo presencialmente e asinar a súa recepción no Departamento de Cultura do 14 ao 20 de xuño en horario de 8:00 a 14:00 h.**

Como fago o pagamento da cota?

Unha vez obtido o recibo de autoliquidación, hai que **proceder ao seu pagamento nunha entidade bancaria con anterioridade do 20 de xuño.**

E para xustificar o pagamento?

Pagado o recibo de autoliquidación, hai que **achegar xustificante do pagamento polos seguintes medios:**

- Enviándoo ao correo electrónico cultura.deportes@fene.gal É imprescindible **recibir correo electrónico confirmando a recepción.**
- Presencialmente, no Departamento de Cultura en horario de 8:00 a 14:00 h. antes do 20 de xuño.

Non facer efectivo o pagamento no prazo sinalado implica causar baixa na actividade.

QUE PASA SE HAI BAIXAS NO PERÍODO DE MATRICULACIÓN?

As vacantes que se produzan na fase de matriculación por non presentar a documentación, presentala fóra do prazo establecido, por renuncia expresa á praza ou por non cubrirse as prazas de cada quincena, seranlles ofrecidas aos/ás solicitantes que figuran na lista de agarda. No caso que se produzan vacantes, o Concello de Fene contactará, seguindo a orde da listaxe, coas persoas suplentes mediante chamada telefónica. Realizaranse 3 chamadas entre as 9:00 e as 14:00 horas. De non contactar coa persoa interesada, esta será dada de baixa e chamarase á seguinte na listaxe de agarda. Unha vez recibida a comunicación e aceptada a praza ofrecida, deberán presentar a documentación sinalada nun prazo de 24 horas. No caso de non presentar a documentación no prazo indicado, a praza ofertarase á seguinte persoa en lista de agarda.

QUE OUTRAS COUSAS TENO QUE TER EN CONTA?

- Unha vez comezada a actividade non se procederá a devolución de cota.
- De proceder a devolución de cota por erro, baixa ou outras cuestións, hase rexer polos prazos e procedementos establecidos.
- A empresa adxudicataria da prestación deste servizo está obrigada a subscribir pólizas de seguro de accidentes e responsabilidade civil e a aplicar os protocolos hixiénico sanitarios que rexen este tipo de actividades.
- Os/as participantes cumprirán escrupulosamente coas medidas hixiénico sanitarias e demais medidas de organización da actividade que se definan.
- Haberá unha **reunión previa cos pais/nais/titores dos participantes en cada quincena e coa empresa organizadora da actividade.** Esta reunións terá lugar na Casa do Concello o día 28 de xuño ás 20:00 h.:
- A formalización da matrícula implica a aceptación explícita das normas que rexen esta actividade e dos cambios que poidan xurdir por razóns técnicas ou organizativas debidamente xustificadas.

MÁIS INFORMACIÓN

Departamento de Cultura e Deportes (Avda. Naturais, 44, entresollado dereita, 15500 Fene. Télef.: 981 340 366.

Correo electrónico: cultura.deportes@fene.gal

Web: <http://www.fene.gal>

FICHA PARA BAREMACIÓN - DECLARACIÓN RESPONSABLE NO PROGRAMA VERÁN MÁIS ALÁ 2023

Núm. Inscrición: _____
(a cubrir pola administración)

Don/Dona _____

PAI/NAI/ TITOR/A dos/as menores pendente de matrícula que se relacionan no apartado 3.

NIF (pai/nai/titor/a) _____ ,

Domiciliado/a en _____

CP _____ , parroquia _____ , Concello _____

Teléfonos de contacto _____

Correo electrónico _____

No seu propio nome e dereito, con coñecemento dos delitos nos que puidera incorrer por falsidade, DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE:

- A súa situación familiar é (Cubrir SI/NON segundo corresponda e número de fillos/as):

SITUACIÓN FAMILIAR	SI/NON	Número
Fillo/a menor de 12 anos		
Fillo/a con discapacidade		

- A súa situación laboral é (Cubrir SI/NON segundo corresponda):

SITUACIÓN LABORAL	SI/NON
Ambos proxenitores con emprego e horarios laborables que coinciden cos horarios de Verán máis alá!	
Un/unha dos dous ten emprego e o/a outro/a dedícase exclusivamente ás responsabilidades familiares ou é pensionista	
Un/ha dos dous ten emprego e o/a outro/a está desempleado/a participando en cursos de formación profesional regrada ou formación para o emprego durante os días que dura o Verán máis alá! e en horarios que coinciden cos das actividades	
Familia monoparental empregado/a ou realizando formación profesional regrada ou formación para o emprego durante os días que dura o Verán máis alá! e en horarios que coinciden cos das actividades	

- A relación de menores para os que solicita a inscrición:

NOME E APELIDOS	DATA NACEMENTO	RELACIÓN COA PERSOA QUE SOLICITA

- Os menores para os que solicito a inscrición relacionados no punto 3 non están empadroados no Concello de Fene pero si estiveron matriculados no colexio _____ no curso 2022/2023.

- Autorizo ao persoal técnico do Departamento de Cultura, encargado das inscricións en Verán máis alá! a comprobar de oficio que os menores para os que solicitan a inscrición están empadroados no Concello de Fene. De ser o caso, autorizo a ese mesmo persoal a comprobar que os menores estiveron matriculados no centro de ensino que indico no curso 2022/2023.

OBSERVACIÓNS RELEVANTES

En Fene, a _____ de xuño de 2023.

Sinatura do/a solicitante

Consentimento expreso de inclusión dos datos recollidos neste formulario nun ficheiro, para o seu tratamento coa finalidade de facilitar a xestión deste procedemento, en cumprimento do disposto na lexislación vixente de protección de datos de carácter persoal. Vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei, mediante escrito dirixido ao Concello de Fene, Praza do alcalde Ramón José Souto González s/n. 15500 Fene. A cumprimentación e sinatura deste documento suporá a prestación do consentimento para dito tratamento.

FICHA DE DATOS XERAIS DO/A MENOR PARTICIPANTE EN VERÁN MÁIS ALÁ! CUBRIR UNHA FICHA POR CADA MENOR

Núm. _____
(a cubrir pola administración)

Nome: _____

Apelidos: _____

Data de nacemento: ____ / ____ / ____

Domiciliado en _____

CP. _____, parroquia _____, Concello _____

Sabe nadar?:

SI

NON

Correo electrónico do pai/nai/titor/a _____

Teléfonos de contacto do pai/nai/titor/a:

1º Teléf.: _____ Nome: _____

2º Teléf.: _____ Nome: _____

3º Teléf.: _____ Nome: _____

MODALIDADE A ESCOLLER:

TODO O MES

Madrugadores/as (de 8:00 a 10:00 h.)

Máis alá! (de 10:00 a 14:30 h)

POR QUINCENAS: (só se pode escoller unha quincena)

a) **1ª Quincena do 3 ao 14 de xullo de 2023**

Madrugadores/as (de 8:00 a 10:00 h.)

Máis alá! (de 10:00 a 14:30 h)

b) **2ª Quincena do 17 ao 28 de xullo de 2023**

Madrugadores/as (de 8:00 a 10:00 h.)

Máis alá! (de 10:00 a 14:30 h)

Asinado: _____

FICHA DATOS MÉDICOS-CUBRIR 1 FICHA POR CADA MENOR/A SÓ SE É NECESARIO

Nome: _____

Apelidos: _____

Pai/nai/representante legal do/a menor, _____

_____ con DNI _____ e data de nacemento

_____/_____/_____

OBSERVACIÓNS MÉDICO-PERSOAIS:

ENFERMIDADES: _____

INTOLERANCIAS ALIMENTARIAS _____

ALERXIAS _____ OUTROS _____

ADMINISTRACIÓN DE MEDICAMENTOS:

AUTORIZO

NON AUTORIZO

Ao monitorado de VERÁN MÁIS ALÁ 2023 á administración do/s medicamento/s prescritos ao meu fillo/a na/dose/s e no horario que a continuación se especifica, eximindo de toda responsabilidade ao Concello de Fene e ao monitorado.

Medicamento	Dose	Horario

IMPORTANTE: Non se administrará ningún medicamento non prescrito nin autorizado

TRASLADO DO/A PARTICIPANTE ANTE UNHA EMERXENCIA:

AUTORIZO

NON AUTORIZO

Ao monitorado de VERÁN MÁIS ALÁ 2023 para que en caso dunha emerxencia ou porque as circunstancias o fagan aconsellable, poidan trasladar ao antedito/a participante ao centro de saúde, hospital ou ata o seu domicilio.

Asdo.- _____

ACHÉGASE TARXETA SANITARIA

No caso de mutualidades e outros seguros privados, ademais da fotocopia da tarxeta sanitaria, cadro de médicos e centros de referencia na zona.

Consentimento expreso de inclusión dos datos recollidos neste formulario nun ficheiro, para o seu tratamento coa finalidade de facilitar a xestión deste procedemento, en cumprimento do disposto na lexislación vixente de protección de datos de carácter persoal. Vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei, mediante escrito dirixido ao Concello de Fene, Praza do alcalde Ramón José Souto González s/n. 15500 Fene. A cumprimentación e sinatura deste documento suporá a prestación do consentimento para dito tratamento.

ORGANIZA:



VERÁN MÁIS ALÁ 2023

QUE É?

Un campus lingüístico para facilitar unha alternativa de lecer educativo, na nosa lingua, á vez que promove a conciliación da vida laboral e familiar.

A QUEN VAI DIRIXIDO?

Ao alumnado escolarizado en educación infantil e primaria nado entre os anos 2011 e 2019 (idades de referencia de 3 a 12 anos, escolarizado)

CANDO E ONDE VAI TER LUGAR?

Nas instalacións do CEIP de Centieiras do 3 ao 28 de xullo en horario de 8:00 a 14:30 h.

COMO SE ORGANIZA?

En dúas quincenas, a primeira do 3 ao 14 de xullo e a segunda do 17 ao 28 de xullo. Pódese participar nas dúas ou só nunha.

Divídese en dúas franxas horarias:

- **Madrugadores/as:** de 08:00 a 10:00 horas (Os nenos e as nenas poderán incorporarse, en frecuencias de media hora, ao longo desta franxa horaria)
- **Máis alá!:** de 10:00 a 14:30 horas (Os nenos e as nenas terán que incorporarse ás 10:00 h e saír a partir das 14:00 h)

QUE ACTIVIDADES VAN LEVAR A CABO?

- Un amplo abono de actividades artísticas que potencien a súa creatividade así como actividades formativas dende unha perspectiva lúdico-educativa.
- Xogos cooperativos e populares.
- Actividades pre-deportivas e deportivas.
- Actividades acuáticas na Piscina Municipal (só na primeira quincena e durante a primeira semana)
- Excursións pola contorna do centro e 1 excursión (na primeira quincena) fóra do noso Concello.

CANTAS PRAZAS HAI?

Un total de 120 prazas por cada quincena. O Concello resérvase o dereito de reducir o número de prazas para programas de inserción social.

COMO SE VAN ADXUDICAR AS PRAZAS?

Non é por orde de inscrición. As prazas adxudícanse mediante baremo atendendo ás circunstancias familiares e laborais das persoas solicitantes.

CANTO CUSTA VERÁN MÁIS ALÁ?

Todo o mes:

- 1º membro da unidade familiar, 68,15 €
- A partir do 2º membro da unidade familiar, 36,70 €

Unha quincena:

- 1º membro da unidade familiar, 34,08 €
- A partir do 2º membro da unidade familiar, 18,35 €

HAI EXENCIÓN DE COTAS?

- En situación de escasa capacidade económica, as tarifas poderán reducirse no 50% e mesmo acceder gratuitamente a esta actividade nos termos sinalados no artigo 4) da Ordenanza fiscal núm. 2.
- As persoas interesadas en acollerse ao suposto citado anteriormente, deberán formalizar igualmente a matrícula e o pagamento da cota nos prazos fixados.

PODO PARTICIPAR SE NON SON DE FENE?

Non se ofertan prazas para persoas non empadroadas en Fene, agás o caso de nenos/as que acrediten que no curso 2022/2023 estiveron matriculados/as nalgún centro de ensino de Fene.

QUE HAI QUE FACER PARA PODER PARTICIPAR?

- Formalizar a MATRÍCULA PROVISIONAL nos prazos e condicións que se establecen.
- Unha vez que LLE CONFIRMAMOS A MATRÍCULA DEFINITIVA, hai que facer efectivo o pagamento da cota de inscrición.